



Camiño Miñoto Ribeiro

Etapa Pazos de Arenteiro-Soutelo de Montes

O Camiño Miñoto Ribeiro adéntrase na provincia de Pontevedra pola aldea de Portela de Lamas onde deixamos as frías terras do Paraño para avanzar polo camiño real ata Soutelo de Montes, punto final desta etapa, que conta cun percorrido de apenas 4 km en territorio pontevedrés. A vila amosa o seu pasado arrieiro na arquitectura tradicional, no cruceiro da Praza da Constitución e nos petos de ánimas da Virxe das Angustias e da Concepción do século XIX.

Ademais de repoñer forzas na oferta de servizos local podemos acercarnos ás súas personaxes ilustres- O Gaiteiro de Soutelo, Avelino Cachafeiro e o fotógrafo internacional Virxilio Vieitez- nos paneis turísticos situados na Praza dos Gaiteiros.

Sáimos de Soutelo de Montes pola ponte da Bouza do século XVII, protagonista de lendas de mouras e arrieiros para continuar a seguinte etapa.

Etapa Soutelo de Montes-O Foxo

Comezamos unha etapa de case 28 km de percorrido cómodo e con poucas pendentes que recrea os pasos do camiño real e dos antigos camiños “vreeiros” que conectaban esta provincia coa zona do Ribeiro.

Desde Soutelo de Montes ascendemos por asfalto ata a aldea de Ventoxo onde enlazamos por vías locais e camiños tradicionais coa área recreativa da Freixeira e o núcleo de Cachafeiro. O trazado continúa por asfalto ata chegar ata ao camiño de Gaxín que nos leva á Ponte medieval de Gomial, nunha paraxe memorable protagonizada polo río Lérez.

Desde aquí iniciamos un novo ascenso cara o núcleo urbano de Forcarei, onde podemos degustar unha saborosa richada. O camiño continua en asfalto polas aldeas de Chamosa, As Casetas, Leboso e Quintillán onde facemos parada na fervenza do vello muíño, na Igrexa de San Pedro de 1605 e no cruceiro con cunchas peregrinas labradas polos famosos canteiros da Terra de Montes.



Dirixímonos cara as ruínas da Capela de San Amaro de Meavía do século XVII, nunha paisaxe de película que é plató de cine. Cruzamos a ponte sobre o río Umia ata o lugar do Cruceiro e continuamos por unha pista forestal ata a Cruz do Coto, nos lindes coa Estrada.

Castrelo de Arriba en Pardemarin é o seguinte fito neste último tramo, de apenas 5 km, por terreo chan que descorre por Salouzáns, Santa María de Rubín- que conserva nos seus muros tres estelas tardo romanas- e O Foxo onde repoñemos forzas na hostalería local.

Etapa O Foxo-A Gándara

Iniciamos esta etapa, de apenas 7 km, saíndo da aldea de O Foxo cara a San Pedro de Acorados onde a súa igrexa foi antigo convento de monxas desde a época baixo medieval ata a desamortización do século XIX. Continuamos por pista asfaltada ata a aldea de Mamoela.

Desde alí iniciaremos un leve ascenso ata Monte Moído e logo descendemos suavemente cara a aldea de A Pica, que debe o nome ao emprazamento dun espazo de castigo e condena na beira do camiño. Rematamos esta primeira parte da etapa en Vilagude, na parroquia de Moreira, onde podemos visitar a Capela de San Vicente ou coñecer da man dos veciños as lendas do castro próximo a aldea.

A ruta por asfalto continúa por O Piñeiro e Pazo, onde nos agarda á igrexa parroquial de Santa Mariña de Ribeira, de estilo neoclásico e cun Santiago Peregrino no seu interior. O Camiño lévanos ata Ponte Sarandón onde a nova ponte construída en 1929 sobre os restos da antiga, de orixe medieval, separa as provincias de Pontevedra e A Coruña.

Neste lugar, despedimos a etapa desfrutando da paisaxe do Ulla e das cores deste val rico en viño e produtos da horta onde a apenas 5 km entroncaremos coa Vía da Prata para chegar a Compostela.